

Concello de Outes

Expediente núm.- 192/2020

Asunto: Adopción de medidas urxentes debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19.

DECRETO DE ALCALDÍA

Visto o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo polo que se aprobou a declaración de estado de alarma publicado no BOE de data 14 de marzo de 2020:

<https://boe.es/boe/dias/2020/03/14/pdfs/BOE-A-2020-3692.pdf>

Visto o Decreto da Alcaldía-Presidencia 88/2020, do 16 de marzo, polo que se deu cumprimento no Concello de Outes ás previsións derivadas da aprobación do estado de alarma, e todas as medidas que no mesmo se contemplan.

Visto que o 28 de marzo de 2020 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Resolución do 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, de tal forma que queda prorrogado o estado de alarma ata as 00:00 do día 12 de abril de 2020.

<https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/28/pdfs/BOE-A-2020-4153.pdf>

Visto que o 28 de marzo de 2020 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Orde Ministerial do Ministerio de Sanidade: SND/295/2020, do 26 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada polo COVID- 19.

Visto que no Boletín Oficial do Estado do 29 de marzo de 2020 publicouse a Real Decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta aliea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir ó máximo a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

<https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/29/pdfs/BOE-A-2020-4166.pdf>

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Cod. Validación: 7DSRFGEXXKXWDJEH4DL6PZXWE | Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 1 a 5

Concello de Outes

Dito RDLei, no seu artigo 1, dispón que *“O presente real decreto-lei aplicárase a todas as persoas traballadoras por conta allea que presten servizos en empresas ou entidades do sector público ou privado e cuxa actividade non fose paralizada como consecuencia da declaración de estado de alarma establecida polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo”*.

Doutra banda, na súa disposición adicional primeira establece: *“Empregados públicos. O Ministerio de Política Territorial e Función Pública e os competentes nas comunidades autónomas e entidades locais quedan habilitados para ditar as instrucións e resolucións que sexan necesarias para regular a prestación de servizos dos empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co obxecto de manter o funcionamento dos servizos públicos que se consideren esenciais”*.

Polo tanto, nesta disposición habilitase ao Concello de Outes a que mediante a correspondente resolución (Decreto da Alcaldía-Presidencia) regule a prestación dos servizos dos empregados públicos, tanto na súa condición de laborais coma de funcionarios, co obxectivo de manter o funcionamento dos servizos públicos que se consideren esenciais.

Pola totalidade do anteriormente exposto, en virtude das previsións contidas no artigo 21. 1. a), h) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, estímase necesario proceder á adaptación do antes citado Decreto 88/2020, do 16 de marzo, coa adopción das correspondentes medidas, polo cal

RESOLVO

PRIMEIRO.- Establecer os seguintes servizos mínimos esenciais, a prestar de xeito presencial:

- a. Oficinas do Concello: 1 persoa en conserxería, 1 persoa en rexistro e atención telefónica, 1 persoa en administración xeral, 1 persoa en tesourería (días alternos), 1 persoa en urbanismo (días alternos), 1 persoa en servizos sociais, 1 persoa de limpeza (días alternos).
- b. Brigada de obras: 1 persoa para labores de desinfección de espazos públicos, 2 persoas para emerxencias.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

- c. Servizo de Atención no Fogar (SAF): 4 persoas
- d. Punto limpo: 1 persoa (3 días á semana)
- e. Complexo Deportivo Municipal: 1 persoa (2 horas días alternos)
- f. Piscina e Pavillón do Cunchido: 1 persoa (2 horas días alternos)
- g. Policía Local

SEGUNDO.- Todos os empregados públicos do Concello de Outes que desempeñen funcións administrativas seguirán exercendo ou exercerán as funcións do seu posto de traballo mediante a modalidade de teletraballo ou traballo a distancia desde os seus domicilios, nos supostos nos que isto sexa posible, e percibirán as súas retribucións actuais e non terán dereito ao permiso retribuído para as persoas traballadoras de servizos non esenciais. Estes empregados públicos son os relacionados no Anexo I a este Decreto.

TERCEIRO.- Por exclusión respecto dos anteriores, aquel persoal que non se atope baixo a situación regulada nos apartados primeiro e segundo deste Decreto, consideraranse traballadores de actividades non esenciais.

Todos eles gozarán mediante a presente resolución dun permiso retribuído recuperable e de carácter obrigatorio das persoas traballadoras de servizos non esenciais desde o momento de aprobación da presente ata o 9 de abril, ambos inclusive, se prexuízo da posible prórroga das medidas por parte do Goberno Central, e recuperarán estas horas de traballo dende o día seguinte ao finalizar o estado de alarma e ata o 31 de decembro de 2020. Non computarán a efectos do permiso retribuído recuperable as horas de traballo que se presten presencialmente para atender servizos mínimos por quendas.

O presente permiso conlevará que as persoas traballadoras conservarán o dereito á retribución que lles correspondese de estar a prestar servizos con carácter ordinario, incluíndo salario base e complementos salariais.

CUARTO.- Ás persoas traballadoras que se atopan de baixa por incapacidade temporal ou cuxo contrato estea suspendido por outras causas legalmente previstas non lles é de aplicación este permiso retribuído.



Concello de Outes

QUINTO.- Quedan sen efectos os certificados en forma de *salvoconductos* que habilitan para desprazarse a traballar emitidos nestas dúas semanas anteriores, salvo os daqueles dos empregados públicos do punto terceiro da presente resolución que deban seguir traballando presencialmente, aqueles que acudan ó traballo por quendas, ou aqueles que acudan previo requirimento. O empregado público que non estando nos supostos do punto terceiro faga un uso indebido deste *salvoconducto* para xustificar un desprazamento incorrerá na responsabilidade correspondente segundo a lexislación vixente.

SEXTO.- Dar publicidade deste Decreto mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía e respectando o disposto na Lei 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais.

ANEXO I.- Empregados públicos en réxime de teletraballo:

POSTO DE TRABALLO	EMPREGADO/A PÚBLICO	SERVIZO - CENTRO
Secretaria	D ^a Míriam Naveira Dono	CASA DO CONCELLO
Interventora	D ^a Manuela Barcia Vázquez	CASA DO CONCELLO
Tesoureira	D ^a Rosa María Moledo Paz	CASA DO CONCELLO (días alternos)
Administrativa	D ^a Manuela Bugallo Fontán	CASA DO CONCELLO
Responsable da oficina central de Resxistro	D ^a Silvia María Molinos Vázquez	CASA DO CONCELLO (días alternos)
Técnico Auxiliar de Urbanismo	D ^a Sofía Pérez Figueira	CASA DO CONCELLO
Educadora Familiar	D ^a Juana Pedrosa Leis	CASA DO CONCELLO
Traballador Social	D. Eduardo Barreiro Mallo	CASA DO CONCELLO
Directora Centro Social	D ^a Elvira García Mosquera	CENTRO SOCIAL
Informático	D. Juan Martínez Lestayo	CASA DA CULTURA
Dinamizador Cultural	D. Santiago Nieto Romarís	CASA DA CULTURA
Asesora Xurídica do CIM	D ^a María Jesús Lourido Vidal	CIM
Psicóloga do CIM	D ^a Dolores Claudina Mayán Vilariño	CIM
Orientadora Laboral	Irene Espasandín	ESCOLAS DO BOSQUE
Responsable piscina	D. Alejandro Pombo Ramos	CLUB



Concello de Outes

municipal		NÁUTICO/PISCINA
Normalizador Lingüístico	D. Luis Pérez Barral	CASA DO CONCELLO
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	D. Carlos Rodríguez Navarrete	CASA DO CONCELLO

Outes, na data que figura á marxe;

O Alcalde,
D. Manuel González López.

Perante min,
A Secretaria da Corporación,
D^a Míriam Naveira Dono.

